


A CIG-Ensino denuncia que levamos perdido un 18,64% de poder adquisitivo con respecto a 2010 e un 2,2% no último ano


A proposta do sindicato de incluír unha cláusula de revisión salarial que teña en conta o incremento interanual do IPC suporía que este ano deberíamos cobrar un 5,7% máis e non o 2,5% pactado polo goberno e “os dous sindicatos de sempre”

A CIG leva desde sempre demandando que os nosos salarios estean referenciados coa evolución do IPC aínda tendo en conta que os índices oficiais do IPC interanual non reflicten axeitadamente os efectos da carestía da vida nos nosos petos mais se o INE di que en 2022 subiron os prezos un 5,7% (un 6,4% en Galiza que sempre sae penalizada), esta debera ser a nosa suba salarial en 2023. O mecanismo que propón a CIG-Ensino para que isto se faga efectivo é incorporar unha **cláusula de revisión salarial** que recolla unha paga consolidábel a final de ano coa diferenza entre a suba salarial inicial e o IPC real, evitando que os nosos salarios perdan valor para afrontar os gastos diarios. Tendo en conta isto a comezos deste ano debería facerse un “axuste” dado que no ano 2022 esa diferenza (despois de aplicar a suba do 1,5% que cobramos en novembro) foi do 2,2%. Polo tanto, a efectos prácticos, aplicar a cláusula de revisión suporía:

1.- Un único pago nesta nómina de xaneiro dunha contía adicional do 2,2% sobre as retribucións anuais do 2022.



2.- Esta porcentaxe consolidaríase como suba salarial para facer o cálculo da suba salarial do ano seguinte (no caso do 2022, a suba debería quedar no 5,7% no canto do 3,5%), **polo que a suba do 2023 calcúlase partindo desta cantidade.**



Exemplo da aplicación real da cláusula de revisión salarial que propón a CIG-Ensino

Como serían os efectos da cláusula de revisión salarial nas nóminas de 2023?

	corpo de mestras	corpo PTFP	corpos de secundaria
pago único da cláusula de revisión do 2022 (2,2%)	€ 695,38	€ 732,33	€ 774,99
como quedarían as retribucións básicas no 2023 igualadas co IPC de 2022 (5,7%)?	€ 2.490,08	€ 2.620,05	€ 2.798,09
diferenza nas retribucións básicas no 2023 coa suba pactada	€ 51,84	€ 54,54	€ 58,25

Nos cálculos partimos das retribucións de docentes sen ningunha antigüidade nin cargos docentes. As retribucións básicas inclúen salario, C. Destino, C. Específico e Titoría

O pacto do sindicalismo estatal co goberno afianza a perda de poder adquisitivo

A suba salarial pactada polo goberno, CCOO e UGT é do 2,5% para 2023. Só no caso de que o IPC de 2023 chegase ao 6% se engadiría un 0,5% a finais de ano, é dicir, garántese a perda da capacidade de afrontar os gastos diarios. Como xa se indicou, a perda acumulada do 2,2% no último ano súmase ao devalo continuado dos nosos salarios desde 2010, chegando no 2022 a un desfase do 18,64%.

A CIG-Ensino critica que os dous sindicatos estatais (desta volta CSIF non asinou o acordo) apoiem de novo esta perda de poder adquisitivo para os e as traballadoras públicas cando hai un ano exactamente cualificaban de insuficiente a suba aprobada unilateralmente polo goberno dun 1,5% e iso que a suba do IPC interanual con respecto a 2021 fora dun 4%. Esta actitude de servidume a un goberno que non precisa que lle asinen ningún

acordo para aprobar estas subas raquícticas responde seguramente a outro tipo de intereses que pouco teñen que ver coa defensa dos dereitos salariais dos e das empregadas públicas que levan anos padecendo as sucesivas crises económicas e mantendo, sobre todo no ensino, con moita dignidade a calidade educativa e de atención ao noso alumnado

**AFÍLIATE PARA SERMOS
MÁIS FORTES NA DEFENSA
DOS NÓSOS DEREITOS
LABORAIS E SALARIAIS**

OS NÓSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA
Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO
Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL
Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO
Ronda da Muralla 58, 2º andar
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE
Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA
Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA
Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI
Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal